



# BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

SÁBADO, 23 DE OUTUBRO DE 2021

N.º 244

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZOS CENTRAIS

### Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 8 de outubro de 2021 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgouse ó Concello de Ouro, unha concesión de 93.910,23 m<sup>3</sup> anuais de auga procedente do río Xestosa, no lugar de Requeixo, na parroquia de Santa María de Ouro, no concello de Ouro (Lugo), con destino a abastecemento de poboación, gandeiro e a uso industrial.

Número Expte.: **DH.A27.02039**

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2021.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, José Ángel Someso Anguita.

R. 3003

## CONCELLOS

### BARREIROS

### Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 14 de outubro de 2021, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 14 de outubro ata o 16 de novembro de 2021.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzcan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 14 de outubro de 2021.-A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3004

## BURELA

### *Anuncio*

En cumprimento da previsión do artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publícase a Resolución dictada pola Alcaldía en data 20 de agosto de 2021, que literalmente di:

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser assumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispóna outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que este Alcalde se vai atopar ausente, por vacacións, dende o día 21 de agosto ata o día 5 de setembro de 2021, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

### RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía na 2<sup>a</sup> Tenente de Alcalde, Dna. María del Carmen López Moreno, desde o 21 de agosto até ata o 27 de agosto de 2021, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada

SEGUNDO.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no 1<sup>a</sup> Tenente de Alcalde, D. Ramiro Fernández Rey, desde o 28 de agosto até ata o 5 de setembro de 2019, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada

TERCEIRO.- Da presente resolución darase traslado ao 1<sup>a</sup> e ao 2<sup>º</sup> Tenente de Alcalde e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.-Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Burela, 15 de outubro de 2021.-O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3005

## O CORGO

### *Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do exercicio económico 2020, cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as regras 44 á 48 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local; e informada *favorablemente* pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 20 de outubro de 2021, exponse ao público cos documentos que a xustifican na Secretaría desta Entidade, por espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; regra 49.2 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, e o art. 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Corgo, 20 de outubro de 2021.- O alcalde,Felipe Labrada Reija.

R. 3036

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 15 de outubro de 2021, aprobou con carácter provisional a modificación de crédito nº 2/2021, na modalidade de crédito extraordinario, financiada mediante superávit-remanente líquido de tesourería. A partir da data de inserción deste anuncio no B.O.P. ábrese un período de exposición ó público do nomeado expediente, de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non se presentar reclamacións, de conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a citada modificación crediticia entenderase aprobada con carácter definitivo.

Negueira de Muñiz, 15 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3006

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

#### APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automáticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 06/08/2021, sobre o expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, que se fai público resumido por capítulos

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE MODIFICACION
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	93.886,80
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	250,00
6	INVERSIONES REALES	225.381,05
Total general		319.517,85

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Páramo, 7 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 3007

## SOBER

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 18 de outubro de 2021, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo Gardería Infantil no Punto de Atención á Infancia do Concello de Sober, correspondente ao mes de Outubro de 2021.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 18 de Outubro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Gutián.

R. 3008

## XERMADE

### *Anuncio*

Por Xunta de Goberno Local do 13 de outubro de 2021 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 3º trimestre do 2021, e queda exposto ó público

nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 2 de novembro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 15 de outubro de 2021.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3009

## MINISTERIO DE FACENDA BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – BURELA

### *Anuncio*

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de outubro, polo que se aproban as bases reguladoras da concesión dos premios correspondentes ao concurso de microrrelatos do 25 de novembro "XIV edición do concurso de microrrelatos"

BDNS (Identif.): 590047

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, púllícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/590047>)

BDNS (Identif.): 590047

Primeiro. Beneficiarios:

Calquera persoa que así o decida, existindo as seguintes categorías:

1<sup>a</sup> Persoas menores de 18 anos, autorizadas polo pai, nai ou tutor/a legal.

2<sup>a</sup> Persoas de 18 anos en diante.

Segundo. Obxecto:

Concurso de microrrelatos cuxa temática é a eliminación da violencia contra as mulleres e a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publicaranse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía dos premios:

Os premios para as persoas gañadoras serán:

1<sup>a</sup> categoría: 150 €

2<sup>a</sup> categoría: 300 €

Quinto: Prazo de presentación de traballos:

O prazo de presentación dos traballos remata o 18 de novembro de 2021 ás 14:00 h.

Burela, 15 de outubro de 2021.-O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3010

*Anuncio*

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O SECTOR DA HOSTALERÍA NO TÉRMINO MUNICIPAL DE BURELA PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19, NO EXERCICIO 2021

BDNS (Identif.): 590449

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publicáse o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/590449>)

BDNS (Identif.): 590449

Primeiro. Beneficiarios:

Titulares do sector hostaleiro e/ou ocio nocturno.

Segundo. Obxecto:

Concesión de axudas para o sector da hostalería no térmico municipal de Burela para paliar os efectos do covid-19, financiando gasto de auga, lixo e alcantarillado, no exercicio 2021.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras públicanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía:

30.000,00 €

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 19 de outubro de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3033

---

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓN (BDNS) – COSPEITO

*Anuncio*

CONVOCATORIA DIRIXIDA A AXUDAR AOS SECTORES DA HOSTALERÍA ANTE OS EFECTOS ECONÓMICOS DA COVID 19

BDNS (Identif.): 589925

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publicáse o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/589925>)

Anexo I

### BASES REGULADORAS

Estas subvencións rexeranse polo establecido na presente convocatoria e as bases reguladoras publicadas no BOP Número 233 en data 9 de outubro de 2021, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; no Regulamento Xeral da Lei de Subvencións aprobado por Real Decreto 886/2006, de 21 de xullo; na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; no Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas; e nas restantes normas de dereito administrativo que no seu caso sexan aplicables, e na súa falta, as normas de dereito privado.

O Pleno do Concello de Cospeito en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 7 de outubro de 2021, acordou aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras pequenas empresas ante os efectos económicos d a Covid-19. As mesmas foron publicadas en data 9 de outubro de 2021 no B.O.P número 233.

### OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O obxecto desta convocatoria é a de regular as axudas para as persoas autónomas e microempresas de ata 10 persoas traballadoras cuxa actividade se vira afectada durante a pandemia, radique no termo municipal de Cospeito e cumpra os requisitos que se establecen nas bases reguladoras.

A finalidade destas axudas é paliar o impacto na actividade económica que supuxeron as declaracíons dos estados de alarma, coas distintas restricións pola evolución da pandemia e o peche perimetral e illado do Concello Cospeito

entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021, ordenado por normativa da Xunta de Galicia pola que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para fazer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 da Xunta de Galicia, a través da achega de liquidez ás empresas e persoas autónomas do Concello de Cospeito para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e o emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos de alugueiro (bens mobles e inmobles)
- Gastos de alugueiro de maquinaria e/ou vehículos.
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade.
- Servizos profesionais independentes; xestoría, asesoría e consultaría.
- Gastos de suministro de auga, luz, gas e teléfono.
- Primas seguras; seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Vinculados co exercicio da actividade económica.
- Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxería.
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Os efectos do previsto nas bases reguladoras consideraranse subvencionables todos os gastos efectivamente realizados dende o 14 de marzo de 2020 ata a data de finalización do prazo de presentación desta axuda. Polo tanto, o período de imputación de gastos a esta subvención será dende o 14 de marzo de 2020 ata a data límite outorgada polo Concello de Cospeito.

#### RÉXIME XURÍDICO

##### 1. Regulación legal

O marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescripcións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producireñ efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais disposicións aplicables e as restantes normas de dereito administrativo, respectando, en todo caso o establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e o Real Decreto Lei 5/2018, de 27 de xullo de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos.

##### 2. Concorrencia

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia isto é, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude ata terminar o crédito orzamentario destinado a esta finalidade.

##### 4. Publicación

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, cuxa publicación iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

O acordo de resolución será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Cospeito e na Base de Datos Nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación os efectos da notificación. Conforme ao artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada Lei.

As persoas beneficiarias deberán, así mesmo, dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das bases reguladoras.

#### CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para o exercicio 2021, o importe máximo destinado ás axudas ascenderá a contía de 10.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 433.48000.

Tendo en conta o obxecto e finalidade das presentes axudas, o procedemento de concesión tramarase en réxime de concorrencia non competitiva para tódolos solicitantes que cumpran as condicións e ata finalizar o crédito disponible.

As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

#### REQUISOTOS. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar as subvencións previstas nesta convocatoria aquelas persoas, físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou ben, outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que levan a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumplen os seguintes requisitos:

- Que se trate dunha actividade empresarial, excepto aquelas actividades incluídas no epígrafe CNAE 9200. Actividades de xogos de azar e apostas.
- Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador/a autónomo/a), ou unha microempresa ou pequena empresa.

As microempresas son aquellas definidas conforme ao Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquellas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros.

Terán a consideración de persoas traballadoras autónomas beneficiarias aquellas que tributen mediante o sistema de módulos ou ben as que tributando en estimación directa non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio anual no ano 2020, según a declaración de I.V.E. anual modelo 390. En caso de estar exento de I.V.E., según declaración do trimestre do ano 2020.

c) Que a actividade tivese unha baixada de facturación igual ou superior ao 30%, no ano 2020 con respecto do ano 2019.

No caso de non poder realizarse a comparativa anterior por tratarse dunha empresa creada no ano 2020, realizarase a comparativa entre o trimestre de maior e o de menor facturación do ano 2020.

No caso de ser unha empresa creada no ano 2021, a comparativa será entre o mes de maior e o de menor facturación do ano 2021.

1)Os datos para realizar as comparativas deberán ser os que consten no modelo 390 do I.V.E., ou nos modelos 130 (cuarto trimestre).

2)Para a comparativa de datos por meses deberanse ter en conta os datos do libro rexistro de facturas emitidas dos periodos alegados polo solicitante.

3)No caso de que as persoas ou entidades solicitantes tributen no réxime de estimación obxectiva ou módulos, a diminución de facturación deberase acreditar, en caso de ser requerido, coas copias, referidas aos períodos de comparación, do libro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de ingresos e gastos, ou libro rexistro de vendas e ingresos, ou o libro de compras e gastos, ou calquera outra forma admitida en dereito para acreditar a diminución na facturación, como poden ser, entre outros e tendo en conta a actividade económica, a presentación de descenso de consumo de enerxía eléctrica, copia do rexistro de caixa ou cobramientos e pagamentos por TPV, ou calquera outro medio, dos anos dos que se alegue a disminución de facturación.

d) Que a actividade empresarial se desenvolva dentro do termo municipal de Cospeito, con independencia do domicilio fiscal, con data anterior a publicación das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

e) Que estea dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.

Dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables como da situación do estado de alarma e emergencia sanitaria da que derivan e que provocou que a maior parte de persoas autónomas e empresas solicitaren aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou á CCAA ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a súa satisfacción puntual, de acordo co establecido no artigo 10.2 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, se exime ás persoas beneficiarias desta subvención do requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte da SS e á Administración Pública da CA e o Concello no momento da concesión da axuda, sempre que se dea a seguinte circunstancia, que deberá acreditarse perante a declaración responsable que figuran no Anexo das bases reguladoras.

#### CRITERIOS E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Para os efectos de concesión das subvencións previstas nesta convocatoria terase en conta a orde temporal de entrada das solicitudes que reúnan todos os requisitos.

A contía da axuda será como máximo de 1.000,00 euros por solicitante.

Non se poderá conceder máis dunha subvención a cada solicitante, aínda que teña máis dunha actividade empresarial, profesional, ou comercial.

O aboamento das subvencións reguladas nesta orde realizarase polo cen por cento do importe xustificado, mediante ingreso na conta corrente da que se achegará certificado de titularidade no momento da solicitude.

Esta axuda será compatible con calquera outra concedida polas distintas administracións públicas con competencia neste eido, sempre que non superen o custo total dos gastos subvencionables.

O importe máximo destinado ás axudas ascenderá a 10.000,00 euros, de acordo coa consignación orzamentaria procedente.

#### PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes para participar no presente procedemento haberán de presentarse no prazo de quince días naturais, a contar desde o día hábil seguinte á publicación do extracto no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Da devandita publicación darase información na sede electrónica do Concello de Cospeito.

As solicitudes deberán formularse no modelo de solicitud normalizado para a obtención das subvencións que constarán na convocatoria e que se poderán descargar na web do Concello de Cospeito ([www.concellodecospeito@concellodecospeito.es](http://www.concellodecospeito@concellodecospeito.es)) e deberán acompañarse da documentación complementaria.

As solicitudes, presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Cospeito conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presentación da solicitud de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obligatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

##### 1.- Documentación xeral.

a) NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade.

b) Certificado censal actualizado.

c) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos/as ou á Mutua profesional correspondente actualizado.

d) Certificado da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxa persoa titular sexa a mesma solicitante.

e) Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou persoa que ostente a representación legal ou apoderamento da persoa ou entidade solicitante que conterá o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestiós (Anexo II)

- Que coñece e acepta integralmente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.

- Que o local do desenvolvemento da actividade se atopa no termo municipal de Cospeito.

- Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.

- Que, dende a declaración do estado de alarma do 14 de marzo de 2020, tivo unha baixada de facturación de al menos un 30%, comparando os datos de facturación do ano 2020 co 2019. No caso de por ser nova creación non teña datos do ano anterior, a baixada de facturación compararase entre o trimestre de maior e o de menor facturación.

- Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.

- Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 3 meses dende a recepción desta subvención.

- Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.
- Tendo en conta o establecido nas bases reguladoras, o Concello non compensará da axuda a existencia de débedas con esta Administración Local, Seguridade Social, Facenda e AEAT.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

## 2.- Documentación específica:

a) Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:

- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020.
- Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020.
- Libro rexistro de facturas emitidas dos periodos a comparar.
- Outros documentos acreditativos.

b) Facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe igual ou superior a cantidad da subvención.

## TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E EMENDA DAS SOLICITUDES

Recibida a avaliación das solicitudes e emitido ditame pola Comisión de Valoración, levará a cabo a instrución do procedemento e elevará, informe-proposta á Xunta de Goberno Local, propoñendo a estimación ou desestimación da solicitude formulada. A Comisión comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá á persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así no o fixera, se considerará que a persoa ou entidade interesada desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da lei 39/2015. Os requirimentos realizaranse telemáticamente.

## PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

1. Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrenza non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que as persoas ou entidades solicitantes cumpran coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria, tramitándose a súa concesión por estrito orde de rexistro de entrada (data e hora) das solicitudes completas e correctas.

No caso de non presentar nunha solicitude a documentación completa, considerarase como data de Rexistru de Entrada a data e hora da última presentación relativa á devandita solicitude.

Unha vez analizadas todas as solicitudes, o órgano competente emitirá listado provisional de admitidos e excluídos. Este listado publicarase para os efectos de notificación as persoas interesadas na sede electrónica municipal do Concello, e contemplará o motivo da exclusión de cada unha das solicitudes non admitidas.

Unha vez que se publique este listado, as persoas ou entidades excluídas disporán dun prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou de ser o caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

Transcorrido o prazo de presentación de alegacións, a comisión de valoración procederá a emitir listado definitivo de admitidos e excluídos desta convocatoria de axudas, que deberá ser aprobado en XGL e realizada a súa posterior notificación e publicación.

A Xunta de Goberno local que adoptará acordo para a concesión da subvención e posteriormente realizarase o pago da mesma.

O prazo máximo para a resolución do procedemento será de tres meses, dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

